

O DEREITO E AS HUMANIDADES

XOÁN MANUEL CASADO

Breve foi a vida do eminente avogado e escritor Xoán Manuel Casado, nacido en Barcelona en decembro de 1949 e finado en xaneiro do 2002. Pertencente a unha familia de xuristas, o seu pai Manuel Casado Nieto (do que tamén falaremos) exerceu de Fiscal na Audiencia da capital catalá e o propio Xoán Manuel, avogado por oposición da Seguridade Social, casou con Ana Jorcano, tamén avogada.

Aínda que nacido e residente en Barcelona, Xoán Manuel, se cadra polo ambiente familiar e o espírito galeguista de seu pai, polas vacacións en Castro Caldelas e polo propio sentimento e vivencia persoal, estivo de sempre moi vencellado aos sectores galeguistas da cidade, participando activamente en diversas iniciativas culturais e sendo un dos redactores da publicación “O Pote”, que se autotitulaba “Órgano de expresión do Grupo Anónimo de Barcelona” e que se distribuía de balde entre os interesados, que tampouco eran moitos.

Parella á dimensión xurídica foi a de escritor vocacional. Logo dunha primeira achega xa meritória, “Rexistro de menores espantos”, que viu a luz en 1973, daría ao prelo obras senlleiras en poesía como “Os Preludios”, en 1980, na emblemática Edicións do Castro, propiciada por Isaac Díaz Pardo no Castro (Sada). E posteriormente “O libro de Caldelas” en Galaxia (Vigo, 1982) e “Antigo Futuro” en Sotelo Blanco (Santiago, 1986). Con carácter póstumo, o prestixioso crítico literario e amigo leal do autor, Xesús González Gómez, publicou no ano 2006 a “Poesía Completa (1973-2002)” de Xoán Manuel Casado, contribuíndo a fixar definitivamente os libros publicados e algúns poemas espaxados en diferentes revistas.

No eido da narrativa cabe destacar a premiada “O Inverno do lobo”, novela aparecida no selo da editorial Sotelo Branco, libro que tivo máis éxito de crítica que de lectores e “Os brasileiros”, que saiu á luz un ano despois, en 1986.

Iniciativa singular foi a ofrecida por Xoán Manuel en colaboración con seu pai, Manuel Casado Nieto, na que verten ao galego nunha época na que poucas contribucións deste tipo e desta transcendencia se facían, a que denominaron “Mostra antolóxica de poetas contemporáneos: ingleses, franceses, italianos, cataláns”, publicada tamén polo insigne Díaz Pardo, propulsor esencial da cultura galega naqueles primeiros e convulsos anos oitenta.

Agora ben, con ser moi notable e notoria a aportación de Xoán Manuel á nosa cultura, que é como dicir á cultura universal -pois o conxunto non sería tal sen cada unha das pezas que o conforman-, a dimensión máis intensa e persistente é a conmovedora letra da canción “O meu País”, popularizada por Miro Casabella:

O meu País é verde e neboento, é saudoso e antergo,
é unha xente e un chan.

O meu País, labrego e mariñeiro, é un recuncho sen tempo
que durme nugalán.

que quece na lareira e aló nas carballeiras
bota a rir,
é unha folla no vento, alento e desalento,
o meu País.
O meu País tecendo a súa historia, muiñeira e corre道ira,
agocha a súa verdá,
o meu País saúda ao mar aberto, escoita o barlovento
e ponse a camiñar.
Cara metas sen nome van ringleiras de homes
e sen fin, tristes eidos de algures, vieiro pra ningures,
o meu País.
O meu País nas noites de invernía debuxa a súa agonía
nun vello e nun rapaz.
O meu País de lenda e marusía agarda novos días
marchando de vagar.
Polas corgas e herdanzas
nasce e morre unha esperanza no porvir;
é unha folla no vento, alento e desalento,
o meu País.

Abondaría este poema para que Xoán Manuel Casado ocupe un lugar de honra e de gratitude na memoria feble da súa xente, neste intre no que, por fortuna, volve escoitarse música galega e en galego na voz da xuventude: velaquí As Tanxugueiras; Nuno Pico coa súa banda Grande Amore; Baiuca (Alexandro Guillán Castaño) ou o compostelán Manuel González, coñecido como “Ortiga”.

Unha nova canteira de artistas que conectan cos anceios e o modo de expresarse da actualidade, tal e como no seu día fixeron voces como a do avogado e poeta Xoán Manuel Casado. Pois poucas veces uns versos como os del recolleron con tanta exactitude, emoción e melancolía o triste designio do pobo galego na súa historia, condenado á submisión e forzado á emigración; agardando metade escéptico, metade esperanzado, os ilusionados días redentores do porvir que agoran entoan Nuno, Olaia ou Alexandro con outros estilos, con outros ritmos, pero co mesmo sentimento.

Diana Varela Puñal

Avogada

Secretaría Xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega